



Franco e Salazar, conversando co cardenal Quiroga Paia nos anos 50

FOTÓGRAF

ENFIANDO

FRANCISCO X.
FERNÁNDEZ
NAVAL

A utilidade da lingua

Nos meses de novembro e decembro de 1954, celebrouse en Montevideo a VIII Conferencia Xeral da Unesco. España fora admitida no ano 1953, asumindo os compromisos que implicaba pertencer a esta organización dependente das Nacións Unidas, en particular os de xestionar o propio desenvolvemento a través dos recursos naturais e os valores culturais, coa finalidade de acadar o obxectivo do progreso sen menoscabo da identidade e da diversidade cultural. Agora ben, estas intencións, nas mans dun sistema político coma o español, non deixaba de ser pura retórica.

Por aqueles días o galego, xunto coas outras linguas das comunidades históricas do estado español, sufría persecución e castigo por parte do réxime franquista, o que entraba en clara colisión cos valores que defendía a organización internacional e que facían fincapé, xa dende a súa orixe, na importancia das linguas como instrumentos complexos que afectan ás colectividades, permiten a integración social a educación e o desenvolvemento, sendo un valor estratéxico para todos os pobos do planeta.

Por esta razón, a Galicia resistente, tanto a interior, como a exterior, formada por exiliados e emigrantes, decidiu presentar denuncia internacional sobre os agravios lingüísticos que padecía a lingua galega e a colectividade que a tiña como propia.

DENUNCIA

En 1954 os exiliados galegos denunciaron ante a Unesco os agravios lingüísticos contra o idioma

A crónica dos feitos que sucederon durante os días que durou a conferencia, coñecida como “A batalla de Montevideo”, está perfectamente recollida en libro polo profesor Xesús Alonso Montero.

Sen representación no plenario e sen posibilidade de modificar o programa da conferencia, a acción decidida de moitos galegos, repartindo información entre os delegados asistentes, conseguiu introducir esta cuestión nos debates, sendo discutida a porta pechada,

de maneira extraoficial e sen tradutores. O texto fundamental da denuncia foi redactado por Francisco Luís Bernárdez, o célebre escritor galego-arxentino, natural de Dacón, en Maside, amigo íntimo de Borges e cuñado do escritor Julio Cortázar.

O seu texto de denuncia e defensa do galego, tiña por título “El idioma prohibido”. Fronte a este texto e á acción dos galegos nas rúas e nos corredores do edificio onde se celebraba a conferencia, defendeu a posición do réxime, xunto con Joaquín Ruíz-Jiménez, daquela ministro de Educación, un mozo que prometía, Manuel Fraga Iribarne.

Ata esa data, a publicación de libros en galego estivera limitada á acción dos exiliados no exterior, sobre todo en Bos Aires, manifestando a ditadura unha clara posición contra a lingua, porén, contan algunhas crónicas que o propio Xeneralísimo a empregara cando lle foi necesaria e en circunstancias ben singulares da historia de España.

No ano 1942, Franco mantiña en Rusia a División Azul de voluntarios, integrada na Wehrmacht. Porén, dentro do réxime había quen desconfiaba da capacidade

USOS

Franco empregou o galego con Salazar para evitar que Serrano Suñer se decatase do que estaban a falar

de Alemaña para gañar a guerra. Esa era tamén a intuición de Franco.

Nese contexto parecía aconsellable proceder a unha apertura cara aos países aliados, mantendo canles de comunicación abertas con eles por se a vitoria caía do seu lado. A presión sobre o ditador era enorme, tanto a exercida polo embaixador alemán, que seguindo instrucións de Hitler reclamaba o envío doutra división, como a exercida polo seu cuñado Serrano Suñer, ministro de exteriores español e admirador do réxime nacional socialista.

Nese contexto, o Portugal de Salazar viña de asinar un acordo de cooperación con Inglaterra e Franco pensa na conveniencia de manter un encontro bilateral co presidente da república portuguesa, co obxecto de conseguir a súa axuda para establecer o diálogo

coas potencias aliadas. O cumio ten lugar en Sevilla, o 12 de febreiro dese ano. Os investigadores norteamericanos Gerald R. Kleinfeld e Lewis A. Tambs, autores do libro “La División Azul en Rusia”, contan que aínda que Serrano Suñer estivo presente, o Caudillo sorteouno conversando co seu hóspede no seu “dialecto natal”, o galego.

É dicir que Franco empregou a lingua –non dialecto– que era o idioma propio de seu, cando precisou del, evitando así que Serrano se decatase do que falaban.

O historiador Núñez Seixas considera que esta anécdota é apócrifa, algo esaxerada por parte dos americanos e dubida da súa total autenticidade. Sen embargo, algo de certo tivo que haber en todo isto, e a un, farto de tanta palabra baleira sobre a inutilidade do galego, prodúcelle certo pracer pensar que, aínda o seu inimigo, cando o precisou, botou mal del e decidiu empregalo, pero para iso, e aí está o asunto, tiña que coñecelo.

Non sei se se decatara entón de que aquela lingua que aprendera de neno no seu Ferrol da infancia, non só era un patrimonio útil, senón tamén unha riqueza.